



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

## **PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA "CENTRO SOCIOCULTURAL"**

### **1.- OBXECTO**

O contrato terá por obxecto a execución da obra "Centro sociocultural", conforme ao proxecto redactado pola arquitecta dona Patricia Parada Piñeiro (colexiada n.º 2872-COAG), que foi aprobado por Resolución da Alcaldía de data 31.05.2010.

Á obra correspóndenlle os seguintes códigos:

- CNAE: 45.11 y 45.21
- CPV: 45111100-9, 45210000-2 e semellantes.

O proxecto reúne os requisitos dos artigos 2, 9 e 10 do Real Decreto-lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local.

### **2.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO**

A natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer con este contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e contido, refírense á obriga do Concello de manter e conservar as instalacións municipais dándolle o debido servizo aos cidadáns. Isto levarase a cabo mediante a execución das obras descritas no proxecto e consistentes por un lado, na demolición do actual inmovible (antiga Casa do mar) e a construción dun centro sociocultural cunha sala de usos múltiples, tres aulas para diversas actividades (reunións, clases...). Ademais o edificio disporá de oficinas de atención ao público e outros espazos accesorios (arquivos, almacéns...) .

### **3.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, PREZO DO CONTRATO E REVISIÓN DE PREZOS**

3.1.- O orzamento base de licitación, ten un importe de NOVECIENTOS OITENTA E UN MIL CATROCIENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (981.482,76 €).

Á dita cantidade correspóndelle en concepto de Imposto sobre o Valor Engadido (IVE): CENTO CINCUENTA E SETE MIL TRINTA E SETE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (157.037,24 €).

Orzamento Total: UN MILLÓN CENTO TRINTA E OITO MIL CINCOCENTOS VINTE EUROS (1.138.520 €).

3.2.- O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá, como partida independente, o IVE. En ningún caso, superará o orzamento base de licitación. A tales efectos, o contratista deberá especificar na súa oferta como partida independente que se reflexará no contrato que se

subscriba, o tipo de IVE que repercutirá sobre a Base Imponible na facturación correspondente ao contrato, de acordo coa legalidade vixente ao tempo da licitación.

3.3.- O prezo de contratación desta obra non poderá ser obxecto de revisión de prezos.

#### **4.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO, ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE E APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

4.1.- O proxecto finánciase co cargo ao Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local creado ao abeiro do Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro.

4.2.- O pago das cantidades correspondentes ao orzamento do contrato pagarase nunha soa anualidade correspondente ao ano 2010.

4.3.- Aplicación orzamentaria: 313/622.21

#### **5.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL**

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local.
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (de aquí en diante LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro (LCSP).
- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, en todo o que non se opoña ao RD 817/09.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial de 2 de novembro de 2009.
- Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Ademais do presente prego terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas
- Os planos
- A memoria do proxecto no contido que se determina no artigo 128 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- O programa de traballo aceptado polo órgano de contratación
- Os cadros de prezos
- O documento en que se formalice o contrato



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

En caso de discrepancia entre os distintos documentos contractuais non salvable por unha interpretación sistemática dos mesmos, prevalecerá o establecido neste prego de cláusulas administrativas particulares, salvo que se deduza que se trata dun evidente error de feito ou aritmético.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar, por razóns de interese público, os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na lexislación contractual.

Os acordos que dite o órgano de contratación, logo de informe da asesoría xurídica, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

#### **6.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN**

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, de acordo co previsto nos artigos 122.2, 141 e seguintes do mesmo texto legal, recollendo especificamente o artigo 134 a posibilidade de utilización de diversos criterios de valoración das ofertas para atender á oferta economicamente máis vantaxosa.

Aplicarase o trámite de urxencia a que se refiren os artigos 96 e 128 da LCSP a efectos de redución de prazos, nos termos establecidos no artigo 17 do Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro.

#### **7.- PAGO DO PREZO DE ADXUDICACIÓN**

O pago do prezo de adxudicación efectuarase contra certificación de obra expedida mensualmente polo técnico director desta con arranxo ós prezos convidos.

Xunto co certificado presentarase factura polo importe da obra executada e acreditada coa certificación expedida. As facturas, deberán cumprir coa totalidade dos requisitos esixibles de acordo coa normativa vixente en cada momento.

As facturas e os certificados de obra presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, esa data será a de comezo do cómputo do prazo para proceder ao pago, que se realizará dentro dos 30 días posteriores a presentación da factura e dos certificados de obra no rexistro de entrada do Concello. No suposto de que a certificación ou factura presentada conteña defectos o devandito prazo de 30 días comezará a computar a partir da emenda de tales defectos.

## **8.- GASTOS**

O contratista adxudicatario estará obrigado a asumir tódolos gastos que se deriven da correcta execución do contrato, incluídos os gastos de publicidade da licitación ata o importe máximo de 1.500 euros, e que lle serán comunicados no acordo de adxudicación provisional.

## **9.- PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA**

O prazo de execución do contrato será de 10 meses.

## **10.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar acreditada conforme ao artigo 61 da LCSP, e acrediten ademais da clasificación esixida, que non se atopen incursas en ningunha das prohibicións que contempla o artigo 49 da dita norma.

A Mesa de Contratación efectuará a comprobación pertinente ao examinar a documentación administrativa requirida aos licitadores, sen prexuízo do dereito da Administración a facelo en calquera outro momento previo ou posterior á adxudicación do contrato.

Para o caso de unións temporais de empresas que se constitúan temporalmente ao efecto, cada un dos empresarios que a integran deberá acreditar a súa personalidade e capacidade de obrar nos termos anteriormente sinalados e de conformidade co disposto no artigo 48 LCSP.

## **11.- CLASIFICACIÓN ESIXIBLE**

Os licitadores deberán acreditar estar clasificados nos grupos, subgrupos e categorías seguintes:

Grupo: C    Subgrupos: 1,2,4,5,6,7,8,9    Categoría: e

## **12.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA**

**12.1.- Garantía provisional:** os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe do 3% do valor estimado do contrato (orçamento do contrato sen IVE) co fin de garantir o mantemento das súas ofertas ata a adxudicación provisional do contrato.

Para o licitador que resulte adxudicatario provisional, a garantía responderá tamén do cumprimento das obrigas que lle impón o parágrafo segundo do artigo 135.4 da LCSP.

A garantía provisional poderá prestarse en calquera das formas previstas no artigo 84 da LCSP, e extinguirase automaticamente sendo devolta aos licitadores, inmediatamente despois da adxudicación definitiva do contrato. En todo caso a garantía será retida ao adxudicatario ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, en cuxo caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente ao tempo de constituír a definitiva.

**12.2.- Garantía definitiva:** o adxudicatario deberá constituír unha garantía definitiva equivalente ao 5% do prezo de adxudicación do contrato, IVE excluído. Dita garantía deberá depositarse, en calquera das modalidades previstas no artigo 84 LCSP, no prazo de dez días hábiles, contados desde a publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante, con independencia da data de notificación persoal da adxudicación.

### **13.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN**

**13.1.- Información previa.-** As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto neste prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo licitador do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, así como do proxecto e do prego de prescricións técnicas, sen excepción ou reserva algunha.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

#### **13.2.- Lugar e prazo de presentación.-**

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cangas (Avda. de Castelao n.º 2, 36940 Cangas) en horario de 9,30 a 13,30 horas de luns a venres e sábados de 10,00 a 13,00 horas, durante os trece días naturais seguintes ao da publicación do último anuncio de licitación no BOP ou no DOG. Se o último día do prazo para presentar proposicións fora inhábil entenderase prorrogado o prazo ata o primeiro día hábil seguinte.

As proposicións poderán presentarse por correo, en dito caso o interesado deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao órgano de contratación, por FAX, TELEX ou TELEGRAMA, a remisión das proposicións. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición no caso de que se recibira fóra do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non entanto, transcorridos dez días seguintes ao referido prazo sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

**13.3.- Forma en que deben achegarse as ofertas.-** As proposicións para tomar parte na contratación presentaranse en tres sobres pechados denominados "Sobre A: Documentación Xeral", "Sobre B: Documentación acreditativa dos criterios avaliados mediante xuízos de valor", e "Sobre C: Proposición económica". En tódolos sobres deberá constar, no seu exterior, como mínimo os seguintes datos:

- Indicación do sobre de que se trata
- Obxecto da licitación: "Centro sociocultural".
- Datos do licitador: nome, CIF ou NIF, dirección postal, teléfono, fax, e no suposto de que o licitador estea inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, o seu número de inscrición.

No interior de cada sobre farase constar en folia independente o seu contido enunciado numericamente.

#### **13.4.- Documentación:**

- **SOBRE A: Documentación xeral:** conterá de conformidade co que dispón o artigo 130 da LCSP na orde que aquí se sinala, a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos na lexislación vixente:

##### **A) Documento acreditativo da personalidade xurídica e capacidade de obrar:**

A-1) Empresario individual: copia auténtica do DNI, Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible, achegarase escritura ou documento de constitución, de modificación no seu caso, ou acto fundacional, así como os estatutos no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso no correspondente rexistro oficial.

Fotocopia auténtica da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF).

A-3) Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea:

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos e que se indican no Anexo I do RGLCAP, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A-4) Empresas non españolas que sexan nacionais de Estados firmantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar das empresas non españolas que sexan nacionais de Estados firmantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo,



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

acreditarse mediante a inscrición nos rexistros profesionais ou comerciais ou con presentación das certificacións que se indican no Anexo I do RGLCAP.

A-5) Restantes empresas estranxeiras.

A capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas nos apartados anteriores, acreditarase mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou informe da Oficina Consular de España no lugar do domicilio da empresa. Nese informe farase constar previa acreditación pola empresa, que figura inscrita no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto que actúa con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias e non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois. As empresas estranxeiras deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

#### **B) Empresas estranxeiras non comunitarias con sucursal en España:**

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para ás súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil.

#### **C) Documento acreditativo da representación:**

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen subscriba a proposición xunto coa copia auténtica do DNI do/s apoderado/s.

#### **Bastanteo de poderes:**

Os poderes a que se refire este apartado c), deberán bastantearse previamente pola Secretaria Xeral da Corporación ou funcionario habilitado. Non obstante e con carácter excepcional, os documentos acreditativos da representación poderán ser cualificados pola Secretaria Xeral no mesmo acto de apertura do sobre A, consignándose por esta expresamente si a documentación achegada é bastante para o exercicio polo representante das facultades de licitar en relación co expediente concreto.

#### **D) Documentos acreditativos da clasificación:**

Certificado que acredite que a empresa licitadora está clasificada nos termos esixidos na cláusula 11 deste prego.

As empresas que se atopen pendentes de obter a clasificación, deberán achegar o documento acreditativo de ter presentada a correspondente solicitude para obtela, debendo xustificar que obtivo a clasificación esixida no prazo previsto para a emenda de defectos ou omisións na documentación. A falta ou insuficiencia da clasificación esixida non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

As empresas comunitarias, non españolas, poderán acreditar a clasificación mediante os certificados de clasificación ou documentos similares que acrediten a súa inscrición en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar, establecidas polos Estados membros da Unión Europea ou mediante certificación emitida por Organismos que respondan ás normas europeas de certificación expedidas de conformidade coa lexislación do Estado membro en que estea establecido o empresario. Ditos documentos deberán indicar as referencias que permitan a inscrición do empresario na lista ou a expedición da certificación, así como a clasificación obtida.

**E) Declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición para contratar coa administración:**

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente, así como de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición para contratar sinaladas no artigo 49 da LCSP, sen prexuízo de que a documentación acreditativa de tales extremos deba achegarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se realice esta. **Esta declaración deberá axustarse ao modelo recollido no Anexo IV.**

**F) Pago do imposto de actividades económicas:**

Certificación ou recibo acreditativo do pago do Imposto de Actividades Económicas (IAE) correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta, xunto cunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se deu de baixa na matrícula do citado imposto.

**G) Unións temporais de empresas:**

No caso de que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal achegarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituír a UTE, de conformidade co artigo 24.2 del RXLCAP. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel expresarase a persoa á que designan representante da UTE ante a Administración para tódolos efectos relativos ao contrato, así como os nomes e circunstancias das empresas que a constituén e participación de cada unha delas.

**H) Declaración de empresas vinculadas:**

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos á que se refire o artigo 86 do RGLCAP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

documento en cada unha das ofertas formuladas por tódalas empresas vinculadas que concorran á licitación.

**I) Documento constitutivo da garantía provisional:**

Os licitadores deberán achegar o documento acreditativo de ter constituída a garantía provisional conforme ao establecido na cláusula 12.1 deste prego.

**J) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:**

Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono e fax. Deberán así mesmo aceptar que as comunicacións que realice o Concello se fagan por calquera dos medios indicados:

<<D/Dª ....., no seu propio nome (ou na representación da empresa .....), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de Cangas, se realicen mediante o seu envío por correo postal, correo electrónico ou por fax, sendo os enderezos os seguintes:

Domicilio:.....

.....

Correo electrónico:.....

Teléfono:.....

.....

Fax:.....

.....

En ....., .... de ..... de 2010.-

O licitador >>

**K) Índice de documentos que integran o sobre:**

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente, de conformidade co artigo 80.1 do RGLCAP.

**\* REXISTRO DE CONTRATISTAS**

De acordo co disposto no artigo 72 da LCSP, a documentación relacionada nos apartados A, B, C, e D desta cláusula poderá substituírse pola presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores i Empresas Clasificadas do Estado ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (D.O.G. n.º 200 do 16 de outubro de 2001), **debendo acompañar dita**

**certificación dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias contidas na certificación presentada non variaron.**

➤ **SOBRE B: Documentación acreditativa dos criterios avaliados mediante xuízos de valor**

Presentarase pechado e incluírá a documentación acreditativa dos criterios avaliados mediante xuízos de valor. En particular deberá incluírse:

- Proposta detallada sobre as melloras ofertadas que sexan tecnicamente relevantes con respecto ao solicitado. Deberán especificarse obrigatoriamente os seguintes aspectos de cada unha das melloras ofertadas:
  - o Descrición técnica
  - o Unidades que comprende
  - o Prezo unitario e prezo total con IVE incluído.

No suposto de non incluírse algún dos aspectos sinalados, as melloras non serán valoradas.

- Estudo e comprobación do proxecto de execución
- Proposta de control de calidade interno

**Será causa de exclusión da licitación a incorporación neste sobre de documentos acreditativos dos criterios que poidan avaliarse mediante fórmulas, que obrigatoriamente deberán incluírse no Sobre C.**

➤ **SOBRE C: PROPOSICIÓN ECONÓMICA**

Presentarase pechado e coa seguinte documentación:

1.- Oferta económica na que expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido.

**A proposición económica axustarase ao modelo recollido no Anexo II e deberán constar todos os datos que no modelo se indican. De non ser así, será desbotada pola mesa de contratación salvo que só incorrese en cambios ou omisións dalgunhas palabras do modelo que non alteraran o seu sentido, de acordo co artigo 84 do RGLCAP.**

2.- Demais documentos que acrediten os criterios avaliados mediante fórmulas.

**14.- MESA DE CONTRATACIÓN**

A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos achegados e procederá en acto público, á apertura de proposicións elevando a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación do contrato.

De acordo co disposto no artigo 21.4 do RD 817/2009, do 15 de maio, a composición da Mesa de Contratación publicarase no perfil do contratante cunha antelación mínima de 7 días á data de celebración da reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación xeral.



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

## **15.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓN**

A Mesa de Contratación que intervirá na presente contratación, procederá a cualificar en acto non público, a documentación a que se refire o artigo a 130.1 da LCSP achegada no Sobre A. O/A Presidente/a ordenará a apertura dos sobres e o/a secretario/a certificará a relación de documentos que figuren nel.

Se a Mesa de Contratación observara defectos ou omisións subsanables na documentación que se inclúe no sobre A, ou necesitase aclaracións sobre a mesma, comunicarao verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que esta circunstancia se faga pública a través de anuncios no perfil do contratante do órgano de contratación, concedendo un prazo non superior a 3 días hábiles para que os licitadores corrixan, subsanen ou aclaren a documentación requirida.

Do actuado deixarase constancia na acta que ao efecto necesariamente deberá redactarse.

Unha vez emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación achegada, e cualificada toda a documentación, a Mesa de Contratación, procederá a declarar os licitadores admitidos e os rexeitados, indicando as causas do seu rexeitamento.

Concluída a fase anterior, celebrarase en acto público a apertura do Sobre B, no lugar, día e hora que se sinale mediante anuncio no perfil do contratante. Este acto desenvolverase seguindo as formalidades previstas nos artigos 26 e 27 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio e no non previsto neles, rexerese polo artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A documentación do sobre B, relativa a acreditación de criterios avaliábeis mediante xuízos de valor poderá trasladarse aos técnicos municipais competentes para a súa valoración.

No día e hora indicados no perfil do contratante, procederase a apertura do sobre C, relativo a documentación que deba avaliarse mediante a aplicación de fórmulas aritméticas. Este acto comezará coa lectura da valoración outorgada á documentación avaliada mediante xuízos de valor, procedendo a continuación, á avaliación da documentación contida no sobre C.

As proposicións afectas por calquera das causas precisadas no art. 84 do RD 1098/2001, serán rexeitadas motivadamente.

Na valoración das ofertas deberá terse en consideración o disposto no artigo 30 do RD 817/2009, do 8 de maio.

A proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación, non creará ningún dereito a favor do adxudicatario provisional fronte a Administración.

#### **16.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:**

Para a valoración das propostas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios:

<b>A).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR</b>		
1	Estudio e comprobación do proxecto de execución	Ata 20 puntos
2	Melloras ofertadas	Ata 15 puntos
3	Control de calidade interno	Ata 5 puntos
<b>B).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS</b>		
1	Contribución ao fomento do emprego	Ata 27 puntos
2	Menor prezo ofertado	Ata 16 puntos
3	Maior cobertura do risco	Ata 6 puntos
4	Ampliación do prazo de garantía	Ata 6 puntos
5	Control de calidade externo	Ata 5 puntos

#### **A).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR**

##### **A.1.- Estudio e comprobación do proxecto de execución. Ata un máximo de 20 puntos.**

Na memoria técnica que presenten os licitadores analizaranse os aspectos máis destacables do proxecto demostrando o seu estudo e análise. Farase especial incidencia nos aspectos seguintes:

a.- Plan de vixilancia e xestión medioambiental, atendendo tamén, de ser o caso, ás orixes e destinos dos movementos de terra (préstamos) e para aquelas obras nas que sexan significativos. Ata 4 puntos.

b.- Comprobación de medicións comparadas coas que aparecen no proxecto que define a obra e serven de base á adxudicación. As medicións que aparecen neste documento serán as que se utilicen para calcular o prezo ofertado. Ata 4 puntos.

c.- Valoraranse diferentes métodos de programación, incluíndo un diagrama de GANTT, que garantan a idoneidade do prazo de execución, o grao de detalle das actividades incluídas no Programa de Traballo e a súa eficiencia, os métodos de programación de obras considerados e influencia de condicionantes externos, e a coherencia do programa de traballos coa memoria construtiva. Ata 3 puntos.

d.- Plan de detección de erros ou omisións e o seu análise cuantitativo e cualitativo do mesmo. Se terá en conta a información que se presente que demostre coñecemento do espazo físico de actuación e da zona de emprazamento. Ata 3 puntos.



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

e- Medios persoais que se adscriban á execución da obra, en atención á súa experiencia acreditada en traballos similares, especialmente o xefe de obra e o encargado que se propoñan polo oferente. Ata 6 puntos.

Neste apartado valorarase positivamente ás empresas que acrediten o estudo concreto da obra, a súa problemática particular e as solucións propostas, de forma precisa e concisa e de acordo co establecido neste apartado, e negativamente podendo non ser tidas en conta, as xeneralidades achegadas na oferta que non teñan referencia directa coa obra que se estuda.

**A.2. Melloras ofertadas. Ata un máximo de 15 puntos.**

Valoraranse as melloras ofertadas, cuxo valor total non poderá superar o 15% do prezo de licitación. Para esta valoración terase en conta o total da mellora incluíndo os Gastos Xerais, Beneficio Industrial e IVE.

As melloras poderán versar sobre os seguintes aspectos:

- Melloras nas calidades dos materiais.
- Melloras en seguridade
- Melloras en tecnoloxía i eficiencia enerxética

Na memoria que se presente sobre as melloras ofertadas, deberán especificarse obrigatoriamente os seguintes aspectos de cada unha delas:

- Descrición técnica
- Unidades que comprende
- Prezo unitario e total (IVE incluído)

**No suposto de non incluírse algún dos aspectos sinalados, as melloras non serán valoradas.**

**A.3.- Control de calidade interno. Ata un máximo de 5 puntos.**

Valorarase a proposta de control de calidade nos materiais a empregar, nos métodos de execución das distintas unidades de obra, e nos remates finais da obra, que o contratista propoña realizar co seu persoal responsable de calidade ou a través de empresas externas especializadas en control de calidade das obras. O plan de control de calidade describirá o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete a realizar na obra durante todo o proceso de execución, os materiais con certificados de calidade que empregará na obra e unha breve información do equipo de control.

A Mesa de contratación valorará o deseño do plan de control de calidade, ou solicitará un informe técnico para realizar tal valoración, atribuíndose en ambos casos a máxima puntuación á mellor proposta en conxunto sobre este aspecto, distribuíndose os puntos ó resto de licitadores proporcionalmente.

## **B).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS**

### **B.1.- Contribución ao fomento do emprego. Ata un máximo de 27 puntos.**

Valorarase a contribución ao fomento do emprego co mantemento de postos de traballo así como coa contratación de traballadores procedentes do desemprego, distribuíndose a puntuación do seguinte xeito:

B.1.1.- Postos de traballo mantidos. Ata 11 puntos: outorgarase a máxima puntuación ao licitador que se comprometa a destinar á execución desta obra un maior número de traballadores dos xa integrados na empresa (ata un máximo de 9) e durante todo o tempo que dure a obra, distribuíndose a puntuación proporcionalmente ás restantes ofertas.

B.1.2.- Contratación de novo persoal que se atope en situación legal de desemprego de longa duración. Ata 9 puntos: outorgarase a máxima puntuación ao licitador que se comprometa a contratar un maior número de traballadores procedentes do desemprego de longa duración, ata un máximo de 5 traballadores, distribuíndose a puntuación proporcionalmente ás restantes ofertas.

Entenderase que un traballador está en situación legal de desemprego de longa duración cando estivese inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego, polo menos 12 meses antes da data de contratación.

B.1.3.- Contratación de novo persoal que se atope en situación legal de desemprego. Ata 7 puntos: outorgarase a máxima puntuación ao licitador que se comprometa a contratar un maior número de traballadores procedentes do desemprego de longa duración, ata un máximo de 4 traballadores, distribuíndose a puntuación proporcionalmente ás restantes ofertas.

### **B.2.- Menor prezo ofertado. Ata un máximo de 16 puntos.**

Valorarase a baixa do prezo de licitación ata o máximo do 5%. Corresponderá a máxima puntuación ao menor prezo ofertado (ata o máximo indicado do 5% do orzamento de licitación), distribuíndose a puntuación proporcionalmente ás restantes de forma lineal mediante unha regra de tres simple directa.

### **B.3.- Maior cobertura do risco. Ata un máximo de 6 puntos.**

Neste apartado valorarase a suscripción pola empresa dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que dea cobertura á empresa polos danos causados no desenvolvemento da súa propia actividade na execución da obra.

Corresponderá a máxima puntuación á empresa que achegue a póliza con maior cobertura, distribuíndose a puntuación proporcionalmente ás restantes de forma proporcional mediante unha regra de tres simple directa.

### **B.4.- Ampliación do prazo de garantía. Ata un máximo de 6 puntos.**

Valorarase a ampliación do prazo de garantía sobre o establecido neste prego. A máxima puntuación atribuirase á oferta con maior prazo de garantía



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

ofertado, e ao resto de ofertas a puntuación que proporcionalmente lle corresponda mediante regra de tres simple directa.

#### **B.5.- Control de calidade externo. Ata un máximo de 5 puntos.**

Valorarase a maior cantidade económica que, dentro do prezo de contrato ofertado, o contratista ofrece para que se realice un control de calidade externo, contratado polo Concello, dos traballos que executa. Esta oferta deberá realizarse en porcentaxe sobre o prezo de licitación excluído o IVE, Gastos Xerais e Beneficio Industrial, por riba do 1 % que é a cantidade orzamentada no proxecto. A máxima puntuación atribuirase á oferta que máis porcentaxe ofrezca a este fin, e ao resto de ofertas a puntuación que proporcionalmente lle corresponda por regra de tres simple directa.

Non se admitirán ofertas que ofrezan unha porcentaxe para realizar o control de calidade externo superior a un 3% do prezo de licitación (IVE, Gastos Xerais e Beneficio Industrial excluídos).

#### **17.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS**

Consideraranse desproporcionadas ou temerarias as ofertas que ofrezan unha baixa económica superior ao 5 % do orzamento de licitación.

Cando se identifique unha proposición que poida ser desproporcionada ou temeraria seguirase o procedemento establecido no artigo 136 da LCSP.

Para a valoración das ofertas como desproporcionadas, a mesa de contratación poderá considerar a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

#### **18.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA**

##### **18.1. Adxudicación provisional**

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que se notificará aos licitadores e se publicará no perfil de contratante do Concello de Cangas ([www.cangas.org](http://www.cangas.org)) e se os interesados o solicitaran facilitaráselle información, nun prazo de cinco días hábiles, dos motivos de rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

O órgano de contratación procederá á adxudicación provisional no prazo máximo de vinte días naturais contados desde que finalice o prazo de presentación de proposicións.

##### **18.2. Adxudicación definitiva**

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva mediante resolución motivada dentro dos cinco días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo establecido no artigo 17.1.b) do Real Decreto-lei 13/2009, do 26 de outubro.

Durante este prazo o adxudicatario provisional deberá achegar:

a. Documentación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social, co Concello de Cangas e coa Xunta de Galicia, no caso de non terse achegado coa documentación xeral.

b. Resgardo de ter constituída a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 84 LCSP.

c. Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación.

d. Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, escritura de constitución.

### **19.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN**

A documentación presentada polos licitadores que non resultasen adxudicatarios, a excepción da proposición económica, poderá ser retirada polos licitadores transcorridos tres meses contados dende o día seguinte á notificación da adxudicación definitiva aos licitadores, e durante o prazo de trinta días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela no suposto de interposición de reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa. Transcorrido o dito prazo a Administración disporá da documentación non retirada polos licitadores, quedando exenta de toda responsabilidade sobre a mesma.

### **20.- RENUNCIA Á CELEBRACIÓN DO CONTRATO POR PARTE DO CONCELLO**

O órgano de contratación poderá renunciar a celebrar este contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, antes de adxudicar o contrato, de acordo co previsto no art. 139 da LCSP. O acordo de renuncia será notificado a todos os licitadores que presentaran as súas ofertas e será publicado nos medios nos que fora anunciada a licitación deste contrato. O Concello compensará aos candidatos ou licitadores polos gastos en que tiveran incorrido, previa xustificación dos mesmos, ata un máximo de 1% do prezo de licitación. Non se poderá promover unha nova licitación para esta obra en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a renuncia.

### **21.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos 10 días hábiles seguintes á data de notificación da adxudicación definitiva. Ao dito contrato unirase, formando parte do mesmo, un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares, o acordo de adxudicación definitiva e xustificante de ter constituída a garantía definitiva.

Para o caso de que o contrato fora adxudicado a unha Agrupación de Empresas deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado e achegar o NIF asignado á Agrupación.



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

O contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a pedimento do contratista e ao seu cargo. O contratista, ademais do contrato, deberá asinar o prego de cláusulas administrativas particulares.

Cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, sendo trámite preciso a audiencia do interesado e cando se formule oposición polo contratista, o informe do Consello Consultivo de Galicia. En tal suposto procederá a incautación da garantía e a indemnización dos danos e perdas ocasionados.

## **22. RESPONSABLE DO CONTRATO, DIRECCIÓN DE OBRA E DELEGADO DE OBRA.**

22.1.- Responsable do contrato:

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 41 da LCSP ao que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

As facultades do responsable do contrato, que poderá ser unha persoa física ou xurídica vinculada ao Concello ou allea a el, entenderanse sen prexuízo das que lle corresponden ao Director facultativo.

22.2.- Dirección de obra:

O/A Director/a de obra que se designe polo órgano de contratación exercerá as funcións de dirección, inspección, comprobación e vixilancia necesarias para a correcta execución da obra contratada. O/A Director/a das obras poderá estar auxiliado polo persoal que o órgano de contratación designe.

22.3.- Delegado de obra:

O Delegado de obra do contratista deberá ser un técnico titulado, con experiencia acreditada en obras de similar natureza ás que son obxecto deste contrato.

## **23. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO E PROGRAMA DE TRABALLOS.**

No prazo máximo de quince días naturais, contados a partir da data de formalización do contrato deberá realizarse a comprobación do replanteo e estenderse a acta relativa ao mesmo.

O adxudicatario deberá presentar un programa de traballos para que sexa aprobado polo órgano de contratación, no caso de non ter sido achegado coa oferta. Dito programa deberá presentarse no prazo non superior a quince días naturais desde a notificación da adxudicación definitiva. Á vista do mesmo, o órgano de contratación resolverá sobre a súa aplicación, incorporándose ao contrato.

#### **24. PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.**

No prazo de quince días naturais desde a notificación da adxudicación definitiva, o contratista presentará ao órgano de contratación o Plan de seguridade e saúde no traballo, que será informado no prazo de cinco días naturais sobre a procedencia da súa aprobación. En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo será dun mes desde a sinatura do contrato.

Se, por incumprir o contratista os prazos indicados no parágrafo anterior, non fora posible empezar as obras ao recibir autorización para o inicio das mesmas, non poderá reclamar ampliación algunha de prazo por este motivo.

#### **25. PRAZOS.**

O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato (10 meses) ou aquel inferior ao que se comprometera na súa oferta, así como dos prazos parciais que, no seu caso se estableceran, e que comezarán a contar para o adxudicatario a partir do día seguinte á sinatura da acta de comprobación do replanteo.

#### **26. RÉXIME DE PAGOS.**

O pago realizarase mediante certificacións mensuais dos traballos efectuados que se abonarán de conformidade co establecido nos artigos 200 y 215 da LCSP e 147 e seguintes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

De conformidade co disposto no artigo 17.5 do Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro, os concellos terán a obriga de aboar aos contratistas o prezo das obras dentro dos trinta días naturais seguintes á data de recepción das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou total do contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a prevista para que as obras se executen no prazo ou prazos contractuais, salvo que, a xuízo da Dirección de obra, existisen razóns para estimalo inconveniente. As certificacións así expedidas so xerarán xuros por demora desde a data sinalada no artigo 152 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O contratista terá dereito a percibir tamén abonos a conta nos termos establecidos nos artigos 200.3 da LCSP e 155 e 156 do Regulamento. En todo caso, se lle esixirá a constitución de garantía na forma de aval, ou outra admitida pola Lei.

#### **27. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.**

Será condición especial de execución do contrato a que se refire este prego, de conformidade co disposto no artigo 17.2 do Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro, que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución das obras, se atope en situación legal de desemprego. A estes efectos, só se computarán os contratos realizados ou por realizar cos traballadores desempregados inscritos nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes como demandantes de emprego non ocupados e os realizados ou por realizar con traballadores autónomos que tiveran cesado na



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

súa actividade e que estean inscritos nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes, como demandantes de emprego non ocupados.

Terán a consideración de traballadores desempregados de longa duración aqueles que se atopen inscritos nos Servizos Públicos de Emprego cunha duración mínima de 12 meses.

Todas as contratacións de traballadores desempregados deberán facerse necesariamente a través dos Servizos Públicos de Emprego.

## **28. PENALIDADES.**

Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

**a) Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ao contratista das seguintes penalidades:

- Como regra xeral, a súa contía será dun 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- As penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da LCSP. O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da recepción das obras. Cando o incumprimento se refira á contratación de persoal nos termos indicados na cláusula anterior, será considerada como infracción moi grave aos efectos previstos no artigo 102.2 da LCSP sempre que o incumprimento supoña unha contratación de nova man de obra que non se atopase en situación de paro superior ao 50 % do total da contratada como nova.

**b) Por cumprimento defectuoso.** Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Si, ao tempo da recepción, as obras non se atoparan en estado de ser recibidas por causas imputables ao contratista.

- Como regra xeral, a súa contía será dun 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

**c) Por incumplir criterios de adjudicación.** Imporanse ao contratista penalidades por incumplir os criterios de adjudicación nos seguintes termos:

- Si, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, apreciárase que, por causas imputables ao contratista, tense incumplido algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ao volume de man de obra a utilizar na execución do contrato.

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adjudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adjudicación incumplido, resultara que a súa oferta non tería sido a mellor valorada.

- Como regra xeral, a súa contía será dun 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

**d) Por demora.** Cando o contratista, por causas que lle foran imputables, tivera incorrido en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, se estará ao disposto no artigo 196 da LCSP en canto á imposición destas penalidades.

**e) Outras penalidades.** Tamén dará lugar a imposición de penalidades as seguintes actuacións do contratista:

- A execución manifestamente irregular das obras.

- A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou en parte das obras contratadas, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do Órgano de Contratación sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.

- O incumprimento das obrigas laborais, das de Seguridade Social e de todas aquelas correspondentes á lexislación de seguridade e saúde laboral.

- A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes aos previstos nos pregos e na oferta do contratista.

- A modificación do programa de execución das obras sen previa autorización municipal.

- A modificación na execución do contrato sen previa autorización municipal.

- A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen incomodidades.

- A desobediencia por dúas ou máis veces, das ordes dadas por escrito ou de palabra ao adjudicatario.

Como regra xeral, a contía destas penalidades será dun 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Nese caso poderán acadar ata un 5 % ou ata o máximo legal do 10% respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

## **29.- SUBCONTRATACIÓN**



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

O contratista poderá subcontratar parcialmente a execución da obra ata o límite establecido no artigo 210.2.e) da LCSP.

A subcontratación rexerese polo disposto na LCSP (arts. 210 y 211). En todo caso, e de conformidade co disposto no artigo 17.5 do Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, os contratistas deberán aboar aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións cuxa realización lle fora encomendada, no prazo máximo de trinta días naturais, computado desde a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 210.2 da LCSP ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación imporase a penalidade regulada no artigo 210.3, con suxeición ao seguinte:

- Farase mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da LCSP.
- Como regra xeral, a súa contía será un 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá acadar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

### **30.- CARTEIS E SINAIS**

O contratista queda obrigado a colocar a súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que se sinalan na Resolución de 20 de xaneiro de 2010 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que publica o modelo e as condicións técnicas do cartel anunciador que debe instalarse nas obras financiadas con cargo ao Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local.

Deberá ademais colocar as sinais precisas para indica-lo acceso á obra, a circulación na zona que ocupen os traballos e os puntos de posible perigo, debido á marcha daqueles, tanto en dita zona como nos seus límites inmediatos

### **31.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

En todo o referente á modificación do contrato estarase ao establecido nos artigos 202 e 217 da LCSP.

En ningún caso considerárase modificación, as posibles obras complementarias que se poidan entender concernentes á obra principal, entendéndose por estas aquelas que son susceptibles de utilización separada; en consecuencia as modificacións terán que ser intrínsecas á obra adxudicada e obedecer a novas necesidades ou causas imprevistas xustificadas polo/a director/a de obra.

As modificacións deberán ser autorizadas, en todo caso, polo órgano de contratación.

Calquera modificación que se leve a cabo de forma diferente a establecida neste apartado, será a conta do contratista.

## **32. CUMPRIMENTO DO CONTRATO, RECEPCIÓN E PRAZO DE GARANTÍA**

### **32.1.-Cumprimento:**

De acordo co establecido co artigo 205 da LCSP, o contrato entenderase cumprido polo contratista cando este teña realizado, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación.

Ao tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

1ª) O despexe final das obras, debendo o contratista ter restituído á súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.

2ª) O cumprimento non defectuoso do contrato

3ª) O cumprimento dos criterios de adxudicación.

4ª) O cumprimento das condicións especiais de execución. Durante a execución do contrato a empresa adxudicataria informará ao órgano de contratación mediante a presentación da correspondente declaración acreditativa dos postos de traballo creados así como das altas de novos traballadores e das baixas que se produzan.

### **32.2.- Recepción:**

A recepción do contrato rexeráse polo establecido no artigo 218 da LCSP e nos artigos 163 e seguintes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

### **32.3.- Prazo de garantía:**

De conformidade co establecido no artigo 205.3 e 218.3 da LCSP, o obxecto do contrato quedará suxeito ao prazo de garantía mínimo de UN ANO, ou aquel que ofertase o adxudicatario, e comezará a partir da data de recepción.

Durante este prazo aplicarase o establecido no artigo 167 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en canto ás obrigas do contratista, así como no relativo á facultade da Administración de, en caso de incumprimento, executar a costa de aquel os traballos necesarios para a conservación da obra.

Tódolos gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía serán de conta do contratista no tendo dereito a ningunha indemnización por este concepto. Quedan excluídos os danos ocasionados na obra por forza maior, que serán soportados pola Administración, se ben esta terá a facultade de esixir ao contratista que realice as obras de reparación.

## **33. RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

A resolución do contrato rexeráse polo establecido con carácter xeral nos artigos 205 a 208 da LCSP e especificamente para o contrato de obras nos artigos 220 a 222 da dita lei, así como nos artigos 109 a 113 y 172 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

En todo caso, en caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 208.4 da LCSP.

#### **34. LIQUIDACIÓN**

Transcorrido o prazo de garantía a que se refire a cláusula 32.3 ou aquel ao que se comprometese o adxudicatario na súa oferta, procederase á liquidación do contrato conforme ao disposto no artigo 169 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

#### **35.- XUROS DE DEMORA**

Establécese expresamente como xuros de demora o fixado no artigo 220.4 do LCSP en relación coa Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

#### **36.- XURISDICCIÓN**

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos órganos de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a tenor da lei de dita xurisdición. Non obstante, os interesados poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

## ANEXO I

### 1.- OBXECTO DO CONTRATO:

- OBRA: "PROYECTO DE CENTRO SOCIOCULTURAL"
- PROXECTO: redactado pola arquitecta dona Patricia Parada Piñeiro (colexiada n.º 2872-COAG) e aprobado por Resolución da Alcaldía de data 31.05.2010.

### 2.- TIPO DE LICITACIÓN:

- Importe base: NOVECIENTOS OITENTA E UN MIL CATROCIENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (981.482,76 €).
- IVE: CENTO CINCUENTA E SETE MIL TRINTA E SETE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (157.037,24 €).
- Importe total: UN MILLÓN CENTO TRINTA E OITO MIL CINCOCENTOS VINTE EUROS (1.138.520 €) IVE incluído.
- Anualidades en que se distribúe (con IVE): 2010: 1.138.520 €
- Revisión de prezos: non procede
- Partida orzamentaria: 313/622.21
- Financiamento : Esta obra finánciase con cargo ao Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local creado ao abeiro do Real Decreto-lei 13/2009, do 26 de outubro.

### 3.- PRAZO DE EXECUCIÓN: 10 meses

### 4.- PRAZO DE GARANTÍA: 1 ano, a contar desde a data de recepción da obra.

### 5.- PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN: ABERTO con múltiples criterios de adxudicación

### 6.- TRAMITACIÓN: URXENTE

### 7.- GARANTÍAS ESIXIBLES:

- Provisional: 3% do prezo de licitación (IVE excluído).
- Definitiva: 5% do prezo de adxudicación (IVE excluído).

### 8.- GASTOS: a conta do adxudicatario ata o límite de 1.500 €.

### 9.- CLASIFICACIÓN ESIXIBLE

Grupo: C Subgrupos: 1,2,4,5,6,7,8,9 Categoría: e



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

## 10.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:

<b>A).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR</b>		
1	Estudio e comprobación do proxecto de execución	Ata 20 puntos
2	Melloras ofertadas	Ata 15 puntos
3	Control de calidade interno	Ata 5 puntos
<b>B).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS</b>		
1	Contribución ao fomento do emprego	Ata 27 puntos
2	Menor prezo ofertado	Ata 16 puntos
3	Maior cobertura do risco	Ata 6 puntos
4	Ampliación do prazo de garantía	Ata 6 puntos
5	Control de calidade externo	Ata 5 puntos

## ANEXO II

### MODELO DE PROPOSICIÓN

D....., co D.N.I. nº:.....; actuando en nome propio ou en representación da entidade.....; con enderezo a efectos de notificacións en ....., tendo coñecemento do procedemento tramitado polo Concello de Cangas para a contratación da obra **“CENTRO SOCIOCULTURAL”** e enterado dos pregos aprobados ao efecto, fai constar expresamente que:

1. Acepta tomar parte na licitación do indicado concurso de acordo coas condicións previstas polo Concello de Cangas.

2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación e que, xunto cos pregos técnicos, forman parte daquel, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos indicados, sen excepción.

3. Comprométese á execución do contrato ofertado nas seguintes condicións:

- Prezo de execución (sen IVE) en número e letra:.....
- IVE, (tipo %.....) (en número e letra).....
- Importe total (en número e letra).....
- A empresa conta con ..... (indicar n.º de traballadores da empresa) traballadores, dos cales, con motivo da execución deste contrato, manterá no seu posto de traballo ..... (indicar n.º de postos de traballo mantidos)
- N.º de traballadores a contratar procedentes do desemprego:.....
- N.º de traballadores a contratar procedentes do desemprego de longa duración: ...
- Cobertura responsabilidade civil por importe de:.....
- Incrementa a aportación ao control de calidade externo na porcentaxe do .....%, pasando do 1% fixado no proxecto, ao .....%.
- Incrementa o prazo de garantía en ..... meses respecto do prazo de 12 meses fixado no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de ..... meses.

4. Acompaña no Sobre A toda a documentación esixida no antedito prego.

5. Achega no Sobre B a documentación relativa a criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor.

6. Achega no Sobre C proposta económica, e documentación relativa a criterios avaliábeis mediante fórmulas.

7. Se compromete e obriga expresamente a presentar no Rexistro Xeral do Concello e dentro do prazo establecido neste prego, a documentación para adxudicación definitiva.

8. *Para o caso de resultar adxudicatario solicito se leve o contrato a escritura pública, correndo os gastos xerados por tao concepto da miña propia conta, de acordo co previsto polo artigo 140 LCSP (\*),*



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

.....  
(LUGAR E DATA).

O LICITADOR  
(Sinatura do representante legal e soo da empresa)

*(\*) Unicamente para o caso de que o contratista desexe oear o contrato a escritura pública.*

### **ANEXO III: MODELO AVAL**

A entidade (*razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca*), NIF, con domicilio (*a efectos de notificacións e requirimentos*) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (*nome e apelidos dos apoderados*), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

#### **AVALA**

A (*nome e apelidos ou razón social do avalado*), NIF, en virtude do disposto por: (*norma/s e artigo/s que impoñe/n a constitución desta garantía*) para responder das obrigas seguintes: (*detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantizado*), ante o Concello de Cangas, por importe de: (*en letra e en cifra*).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Cangas, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Cangas ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para oo autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)  
(razón social da entidade)  
(sinatura dos apoderados)

#### ANEXO IV

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR QUE SE ESTABLECEN NO ARTIGO 49 DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.

Don/dona \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_, provincia de Pontevedra, rúa \_\_\_\_\_ n.º \_\_\_\_\_, con DNI n.º : \_\_\_\_\_, actuando en representación da empresa \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_ e domicilio social na rúa \_\_\_\_\_ n.º \_\_\_\_\_ da cidade de \_\_\_\_\_, á cao represento en calidade de (administrador/ apoderado/ representante legal/ etc, ou o que corresponda), ante a Mesa de Contratación constituída para a resolución do expediente relativo á contratación da obra **“PROYECTO DE CENTRO SOCIOCULTURAL”**

#### DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que nin o firmante desta declaración, nin a persoa xurídica á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incursos en ningunha das prohibicións para contratar definidas no artigo 49 da Lei de Contratos do Sector Público, non concorrendo en consecuencia, circunstancia algunha das descritas na indicada referencia legal.



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

Así mesmo e de forma expresa, faise constar que a persoa xurídica á que represento se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese e asina a presente declaración, en \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

(sinatura do representante  
e selo da empresa )

**DILIXENCIA.**- Exténdoa eu, como Secretaria Xeral, para facer constar que o presente prego, que consta de 25 páxinas esta incluída, todas elas rubricadas por min e seladas co de Secretaría deste Concello, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 16 de xuño de 2010.

Cangas, 17 de xuño de 2010

A SECRETARIA

Asdo.: Berta Alonso Soto